



005161 02.06.2014 09:31

INSTRUCCIÓN Nº 2/2014 DA SECRETARIA XERAL DA USC SOBRE APLICACIÓN DA NORMATIVA DE PERMANENCIA AOS TRABALLOS DE FIN DE GRADO E FIN DE MÁSTER

Por Resolución do 13 de xuño de 2012 acórdase a publicación da Normativa sobre permanencia nas titulacións de Grao e Máster, aprobada no Consello Social do 5 de xuño de 2012 (DOG do 17 de xullo).

Advertidos erros na publicación, con data do 10 de xuño de 2013, publícase a corrección de erros referida ao réxime de convocatorias, onde se indica que o alumnado poderá concorrer a un máximo de catro convocatorias para estudos de Grao e Máster conducentes ao exercicio de profesións reguladas, e dúas para o resto dos estudos de máster.

Pola súa banda, a *Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de Grao e fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobada polo Consello de Goberno de 2 de maio de 2013, establece no seu artigo 4.6. que o número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro para os Traballos de Fin de Grao e dúas para os Traballos de Fin de Máster.

Do anteriormente indicado, na Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de Grao e fin de Máster non se fai distinción entre titulacións conducentes ao exercicio de profesións reguladas e as que non o son, polo que é necesario clarificar este aspecto.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral dita a seguinte

INSTRUCCIÓN

Único.- Para os Traballos de Fin de Grao (TFG) o número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro.

Para os Traballos de Fin de Máster o número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de dúas, agás no caso de Máster conducentes ao exercicio de profesións reguladas, no que o número de convocatorias será de catro.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2014



A Secretaria Xeral

Lourdes Noya Ferreiro